



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE MARZO DE 2013.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de marzo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado cinco de marzo de dous mil trece.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don José Antonio Mosquera Pérez con DNI nº 34.912.535-F**, con domicilio na Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 27,1º D, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmobile sito na Rúa Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 27,1º D., en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 05-03-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2.- Visto o escrito presentado por **Don José Antonio Mosquera Pérez con DNI nº 34.912.535-F**, con domicilio na Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 27,1º D, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 27, planta baja, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 05-03-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, con data RE 7 de marzo de 2013 Nº RE 964, reativa a devolución de documentación de balneario Termas de Prexiguero, como consecuencia da non subsanación de deficiencias requerido no seu momento.
2. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 , con data RE 06 de marzo de 2013 Nº RE 947, relativa a comunicación de sentenza do procedemento abreviado nº 227/2012.
3. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 01 de marzo de 2013 Nº RE 883, relativa a comunicación das actuacións en relación co Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos municipais

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE OBRAS NO PLAN PROVINCIAL.-

En base a Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 01 de marzo de 2013 Nº RE 883, relativa a comunicación das actuacións en relación co Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos municipais, A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda solicitar a Deputación Provincial de Ourense



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

a inclusión no Plan Provincial da seguinte obra: Arranxo da Estrada que une a nacional 120 en Ribadavia coa poboación de Santo Estevo de Novoa no concello de Carballeda de Avia, dende o punto km 0,9 ata o límite municipal con Carballeda. Asimesmo solicita que o proxecto para a realización das citadas obras sea realizado pola Deputación Provincial de Ourense

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



